

En primera persona

**Xabier Macías**  
Psicólogo

MIÉRCOLES, 22 DE AGOSTO DEL 2018

Delegado: Ignacio Carballo González / Jefe comercial: Ramón Núñez

# «Moitas persoas viviron a ameaza de perder a casa, e aínda acontece hoxe»

O Colexio de Psicoloxía quere potenciar a intervención realizada 15 meses en Santiago

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

A angustia e as preocupacións de persoas e familias de Santiago pola posibilidade de perder a vivenda que tentaban comprar ou que tiñan alugada, ao non poderen pagar a hipoteca ou a renda mensual, foi un dos principais ámbitos de actuación de Xabier Macías en 2016 e 2017, como profesional seleccionado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), para participar nun convenio co Concello e co Colexio de Avogados. «Desde os inicios da crise aumentaron os problemas e moitas persoas viviron a ameaza de perder a vivenda, aínda acontece hoxe. E as dificultades son maiores sobre todo para colectivos estigmatizados ou en situacións de vulnerabilidade social», manifesta Macías.

Foi un proceso que principiou cun protocolo dos concellos de Santiago, Ames e Teo para actuar na prevención de desafuizamentos e para a atención das persoas afectadas polos mesmos. Despois, o de Santiago asinou convenios co COPG e co Colexio de Avogados, para implantar un programa piloto de actuación, que funcionou 15 meses, en 2016 e 2017, e foi pionero en Galicia. O COPG quere recuperar esa experiencia de novo en Compostela, e que se asuma en máis concellos, di a decana, Rosa Álvarez.

«A idea era ofrecer novos recursos, sobre todo nos niveis preventivo e de actuación comunitaria en relación ao tema da vivenda, para complementar os que xa funcionaban no Concello», explica Macías.

Nese tempo, refire, «traballei con comunidades veciñas de vivendas sociais e con casos que nos derivaban os servizos sociais,



Macías traballou en Santiago con profesionais do Concello e do Colexio de Avogados. SANDRA ALONSO

alén de actuacións más particulares e individuais para o acompañamento e apoio de persoas en risco de perda da vivenda, ou con problemas graves por ter que asumir como a perdían».

Desa actividade resalta que «en 2017 tiven 44 reunións con presidentes e representantes de 6 comunidades veciñas de vivendas sociais; e atendín 238 actuacións diferentes con 25 casos individuais e de familias, coa coordinación técnica dos servizos sociais comunitarios, que tiñan un equipo formado por 4 educadoras sociais e 4 traballadoras sociais. Deses 25 casos, 10 eran familias en risco de desafuizamento, 8 con conflitividade vecinal, e 7 con problemas de adaptación ou de procura de vivenda. O resultado foi especialmente positivo en 8 casos, porque se conseguiron solucións; e en 6 máis houbo unha contención ou ralentización do problema», indica.

**Xabier Macías.** Foi decano do Colexio Oficial de Psicoloxía. Exerce na intervención social e comunitaria municipal.

**Convenio.** Participou nunha experiencia pioneira, con persoas e familias de Santiago con problemas de vivenda, co Concello e co Colexio de Avogados.

Foron actuacións «de acompañamiento, asesoramento e apoio na procura dunha nova solución, para afrontaren o problema da perda da vivenda. No ámbito da vivenda social, constatei tamén a necesidade dalgún programa ou recurso para o seguimento dos casos de dificultade por parte do Instituto Galego de Venda e Solo, pois despois da adxudicación dunha vivenda social non hai ningún servizo autonómico

con técnicos sociais que fagan o seguimento ás persoas ao se incorporaren ás comunidades veciñas, e iso agrava o problema».

Macías di que traballou sempre na intervención social e comunitaria, en concellos: «É un ámbito moi amplio, con moito espazo para profesionais da psicoloxía, de maneira complementaria aos servizos sociais ordinarios, para facer máis actuacións preventivas e comunitarias. Nesta experiencia de Santiago, nos servizos sociais agradecían a posibilidade dun traballo máis a medio prazo, menos condicionado pola urgencia. E os representantes das comunidades veciñas agradecían tamén o apoio para resolver conflitos ou problemas que se dan. O traballo interdisciplinario, con avogados e persoal dos servizos sociais, mellorará se hai continuidade, e favorecerá unha mellor prevención e intervención comunitaria», insiste.

A CONTRALUZ

**Azul**

**H**

ay unas cuantas cosas en esta vida que me resultan especialmente indignantes. Una de ellas es la falta de sensibilidad con todas

las cosas buenas que nos rodean, sobre todo si nos acompañan desde hace siglos y hacen que merezca la pena disfrutar del sentido de la vista. Escribí esto porque aún no he podido quitarme de la sesera el intenso azul, uno de mis colores preferidos, de la escultura de la Catedral de Santiago, insultantemente mutilada por una desgarradora y estúpida mezcla de gamberra osadía e infinita ignorancia.

Mientras Santiago rebosa piedra y arte, y por ello tenemos que sufrir atentados de este calibre, a unos cuantos kilómetros de carretera, en uno de los municipios en los que el cemento campó a sus anchas y escondió todo vestigio de buen gusto, un azul parecido, con un resultado diametralmente distinto, invadió una de esas inmensas paredes de enormes edificios gracias al ingenio de una de las artistas invitadas al DesOrdes Creativas de este año.

Hasta ahora, pensaba que, si vives rodeado de belleza, algo se te acaba pegando y si lo que te invade no resulta demasiado inspirador, puedes volverte tan gris como tu propio entorno. Pero, visto lo visto, la realidad es bien distinta, por lo que me sumo a la reflexión que hace años le escuché a un joven entrevistado: «Montamos esta asociación porque las cosas van muy mal, pero aún pueden ir a peor».

Esto debieron pensar en Ordes hace más de diez años, y al igual que al promotor de un festival que me dejó esta frase para el recuerdo, el tiempo les ha dado la razón y a mí dejó en la retina todo lo bueno y lo malo que se puede hacer con un poco de pintura azul.

**"CERCA DE USTED, APORTANDO  
SEGURIDAD Y SOLUCIONES  
RÁPIDAS Y EFICACES  
PARA SUS ENVÍOS"**

Tel. Atención al cliente:  
**986 59 20 16**

**VIA DE A**  
PAQUETERÍA  
GRUPO JORGE RAMOS

**25** años  
1991-2016

**SILLEDA  
A ESTRADA**